

## XUNTA DE GOBERNO

### Sesión do día 18 de novembro de 2022

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día dezoito de novembro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32271.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 11 de novembro 2022.

2.32272.- APROBACIÓN DA SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA ILLA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DO "PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVDA. CASTELAO, EP 9803". (Expte. 2021003954)

1. O 16 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o *Concello da Illa de Arousa* formalizaron un convenio establecendo as bases da colaboración técnica e económica para a execución do "*Proxecto de urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avda. Castelao, EP 9803*".



O 10 de decembro de 2021 formalizouse unha Addenda distribuíndose o financiamento das obras do seguinte xeito:

Organismo	Achea		Financiamento	%	Total
Deputación de Pontevedra	812.154,11 €		Aplicación orzamentaria: 21/456 4530 612.02	70	812.154,11 €
Concello da Illa de Arousa	Anualidade 2021:	98.463,60 €	Plan Concellos da Deputación de Pontevedra 2020**	30	348.066,05 €
		81.583,95 €	Plan Concellos da Deputación de Pontevedra 2021		
	Anualidade 2022:	168.018,50 €	Plan Concellos da Deputación de Pontevedra 2022**		
TOTAL INVESTIMENTO			100	1.160.220,16 €	

2. O 19 de abril de 2022 formalizouse o contrato de obra con cargo ás aplicacións 22/456 4530 612.02.2021 e 22/456.4530.612.02 e unha duración de oito meses. A acta de comprobación do trazado formalizouse o 19 de maio de 2022 polo que a data prevista de finalización das obras é o 19 de xaneiro de 2023 debendo realizarse a continuación a comprobación do cumprimento e no seu caso recepción das obras e liquidación do contrato.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).



2ª A addenda está destinada a facilitar o remate e a entrega ao uso público das obras obxecto do convenio. Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, dado que o convenio está vixente e a ampliación do prazo ata o 31 de decembro de 2023 atópase dentro dos límites legais no relativo á duración máxima dos convenios de colaboración.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral Código seguro de verificación (CSV):98D9R8FYTLEZS4U2 e da Intervención Xeral Código seguro de verificación (CSV):4RHMMWNJ3UX3D6SJ, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a seguinte “*ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA ILLA DE AROUSA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVDA. CASTELAO. EP 9803”*”.

*“En Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

#### INTERVEÑEN

*Dunha parte, D<sup>a</sup>. María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte, Carlos Iglesias Cores, alcalde do Concello da Illa de Arousa actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.*

*As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

#### EXPOÑEN

*I.- O 16 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello da Illa de Arousa asinaron un convenio cuxo obxecto é establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do Proxecto de urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avda. Castelao. EP 9803 , modificado por Addenda de 10 de decembro de 2021.*

*II.- Que a cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes en caso de que non se rematen as obras obxecto do mesmo no prazo indicado.*



III. Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e PACTAN:

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello da Illa de Arousa para a execución do "Proxecto de urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avda. Castelao. EP 9803",

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado o 16 de xullo de 2021 modificado por Addenda do 10 de decembro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas."

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto no lugar de data sinalados no seu encabezamento.

A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra,  
D<sup>a</sup>. María del Carmen Silva Rego,

O alcalde do Concello da Illa de Arousa,  
Carlos Iglesias Cores,

O secretario xeral da Deputación  
Carlos Cuadrado Romay"

Segundo.- Aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

Terceiro. Facultar á presidenta para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Cuarto.- Notificarlle o presente acordo ao Concello da Illa de Arousa e comunicarllo á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.



3.32273.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9302 EN BROULLÓN (PQ 0+780 AO PQ 0+970) E COBAS (PQ 2+400 AO PQ 2+550)” (Expte. 2021041760).

1.- O 16 de novembro de 2021 a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Meaño* formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP 9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550)*”. Conforme á súa cláusula novena ten vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira do convenio é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	262.827,82 €	70
Concello de Meaño	112.640,50 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	375.468,32 €	100

O Concello financiou a súa achega (112.640,50 €,) con fondos propios.

2.- O 17 de agosto de 2022 formalizouse o contrato para a execución das obras financiándose con cargo á aplicación 22/456.4530.612.02.2021. O gasto de reposición de servizos afectados, por importe de 8.028,64 €, financiase con cargo á aplicación 22/456.4530.612.02

O 16 de setembro de 2022 formalizouse a acta de comprobación do trazado. O prazo de execución das obras fixado no contrato é de seis meses contados dende a data de formalización da dita acta. Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) .
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



2ª Cumprimento dos requisitos esixidos.

A addenda está destinada a facilitar o remate e a entrega ao uso público das obras obxecto do convenio. Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, dado que o convenio está vixente e a ampliación do prazo ata o 31 de decembro de 2023 atópase dentro dos límites legais no relativo á duración máxima dos convenios de colaboración

3ª Órgano competente para a aprobación.

O órgano competente para a aprobación da addenda é o mesmo que aprobou o convenio; no caso da Deputación, a Xunta de Goberno.

Tendo en conta todo o que antecede e logo dos informes da Secretaría Xeral Código seguro de verificación (CSV):ANL8KPY4ZCKAF7EU e da Intervención Xeral Código seguro de verificación (CSV):EK3YDYPZY06007W7

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a seguinte “ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9302 EN BROULLÓN (PQ 0+780 AO PQ 0+970) E COBAS (PQ 2+400 AO PQ 2+550)”:

#### INTERVENEN

*Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte, Carlos Viéitez Fernández, alcalde do Concello de Meaño no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.*

*As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

#### EXPOÑEN

I. *Que o 16 de novembro de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meaño formalizaron un convenio de colaboración para a execución das obras de Mellora da mobilidade peonil na EP 9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550).*

II. *Que a cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervenientes en caso de que non se rematen as obras obxecto do mesmo no prazo indicado.*

III. *Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.*



*Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e PACTAN:*

*PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Meaño para a execución do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP 9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550)”. A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*

*As partes comprométense a realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos económicos establecidos no convenio, en relación ao novo período de vixencia, e que se imputan ás aplicacións orzamentarias 22/456.4530.612.02.2021 e 22/456.4530.612.02.*

*SEGUNDO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado o 16 de novembro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas cláusulas.*

*TERCEIRO.- A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*

*E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto.*

*A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra,*  
*María del Carmen Silva Rego*

*O alcalde do Concello de Meaño,*  
*Carlos Viéitez Fernández*

*O secretario xeral da Deputación*  
*Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

Terceiro. Facultar á presidenta para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Cuarto.- Notificarlle o presente acordo ao *Concello de Meaño* e comunicarllo á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.



4.32274.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CALDAS DE REIS DO INVESTIMENTO “RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA ESTRADA EP- 8005 RÚA PARQUE (TRAVESIA DOÑA URRACA) CALDAS DE REIS ANUALIDADE 2023 (Expte.2022066825)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases





Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

O Concello de *Caldas de Reis*, en data 05/10/2022 con rexistro WEB2022052486 achega o proxecto e o borrador do convenio de colaboración pendente de asinar entra a Deputación de Pontevedra e o Concello de Caldas de Reis para levar a cabo a actuación denominada “*Recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na EP-8005 Rúa Parque (Travesía Doña Urraca) Caldas de Reis*” (Expte.2021024882) cun orzamento que importa 444.858,74 euros, aportando a Deputación de Pontevedra para a súa financiación unha subvención de 311.401,12 € e sendo a achega municipal de 133.457,62 euros, tal é como establece a seguinte táboa:

DEPUTACION DE PONTEVEDRA	311.401,12 €
CONCELLO DE CALDAS DE REIS (achega municipal)	133.457,62 €
TOTAL	444.858,74 €

O borrador do convenio, na súa cláusula terceira fai alusión ás expropiacións necesarias para a realización das obras indicando que serán financiadas na súa integridade polo concello de *Caldas de Reis*. En data 03/11/2022 mediante resolución presidencial núm. 2022007762, e trala petición formulada polo concello, concedeuse por reinvestimento de baixa ao concello os 40.157,09 € precisos para financiar a achega municipal das expropiacións para a sinatura do convenio.



Neste contexto, en data 04/11/2022, o concello de *Caldas de Reis*, acolléndose ao establecido nas bases 1ª e 8ª.1.5 das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023, que permite ás entidades municipais destinar parte ou a totalidade da cantidade asignada na LIÑA 1 ao financiamento das achegas municipais para investimentos acollidos noutros plans, programas ou convenios da propia Deputación ou doutras administracións cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal, solicita formalmente e en prazo, unha subvención por importe de 133.457,62 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello de Caldas de Reis para a execución da actuación denominada “*Recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na EP 8005 Rúa Parque (Travesía Doña Urraca) Caldas de Reis*”, sendo o orzamento de 444.858,74 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos 2022-2023	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas -€
2023	444.858,74	133.457,62	311.401,12 (Deputación)

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

##### 1.- NORMATIVA EXAMINADA:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.



- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

## DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe de supervisión do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provincias de data 07/11/2022, da xefa do servizo de Cooperación de data 09/11/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 14/11/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de *Caldas de Reis*, CIF P3600500G a cantidade de 133.457,62 € con destino ao financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello de *Caldas de Reis* para a execución da actuación denominada “*Recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na EP 8005 Rúa Parque (Travesía Doña Urraca) Caldas De Reis*” (Expte. 2022066825) cun orzamento que ascende a 444.858,74 €, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos 2022-2023	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas -€
2023	444.858,74	133.457,62	311.401,12 (Deputación)



- No vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2023, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria, que será, no seu caso, a 2023/942.9425.762.45. Unha vez concedida a subvención, e previa aprobación e sinatura do convenio de colaboración xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente e realizaranse as oportunas operacións de formalización.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto no Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Caldas de Reis e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Caldas de Reis*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ao Gabinete da Presidencia.

5.32275.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN RECOLECTOR COMPACTADOR DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS”. (Expte. 2022066313)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.



No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 02/11/2022 por rexistro WEB2022056035 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do Concello de PAZOS DE BORBÉN na que solicitaba con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 140.360,00 euros, con destino ao financiamento do investimento “Adquisición dun camión recolector compactador de residuos sólidos urbanos” (Expte. 2022066313), cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	140.360,00 €	140.360,00 €	-----

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 03/11/2022.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.





- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

## II.- Consideracións xurídicas:

### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios, de data 03/11/2022, e da Xefa do Servizo de Cooperación de data 03/11/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/11/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pazos de Borbén*, CIF: P3603700J a cantidade de 140.360,00 € con destino ao financiamento do investimento “*Adquisición dun camión recolector compactador de residuos sólidos urbanos*” (Expte: 2022066313) cun orzamento polo mesmo importe quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	-	-	-----
2023	140.360,00 €	140.360,00 €	
Total	140.360,00 €	140.360,00 €	

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 23/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vindeiro exercicio, no que existirá crédito suficiente para facer fronte ao mesmo ao terse realizado a previsión futura da retención de crédito mediante o oportuno documento contable, condicionando así o gasto á aprobación do mesmo.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Pazos de Borbén*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.32276.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE TUI NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DO PARQUE INFANTIL NO LUGAR DA IGREXA NA PARROQUIA DE BALDRANS, TUP”. (Expte.2022064038)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).



Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

A súa vez, a base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexítima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.

No marco do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, mediante acordo núm. 7.31855 da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 17 de xuño de 2022, concedéuselle ao *concello de Tui* unha subvención, por importe de 322.828,05 € (anualidade 2022), co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma e acondicionamento das piscinas municipais*” (Expte. 2022011525), cun orzamento polo importe de 322.828,05 €.



En data 17/10/2022 o concello presenta solicitude de desistencia da actuación salientada no paragrafo anterior, sendo autorizada esta desistencia por Resolución Presidencial Núm. 2022007617 de data 26/10/2022 deixando en dispoñible o crédito previamente comprometido, por un importe de 322.828,05 €, na aplicación orzamentaria 2022/942.9425.762.45 dentro do correspondente proxecto de gasto para o financiamento dos novos investimentos que o *Concello de Tui* pretende acometer.

Neste contexto, en data 17/10/2022 WEB2022053982, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Tui* (modificada en data 20/10/2022 WEB2022054490) na que solicita, por cambio de finalidade, unha subvención por importe de 70.444,32 €, con destino ao financiamento “*Acondicionamento do parque infantil no lugar da Igrexa na parroquia de Baldrans, Tui*”, cun orzamento por importe de 70.444,32 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	70.444,32	70.444,32	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	70.444,32	70.444,32	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de coordinación de seguridade e saúde por importe de 1.445,95 euros.

En datas posteriores o Concello emenda as deficiencias observadas na documentación aportada inicialmente dando resposta así ao requirimento efectuado formalmente por este servizo.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Patrimonio Cultural (autorización formalmente solicitada e pendente de conceder).

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 18/10/2022.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

#### Consideracións xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16<sup>a</sup> do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base Reguladora 17ª do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexítima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.





- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 18/10/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 08/11/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 08/11/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui* CIF P3605500B, por cambio de finalidade, a cantidade de 70.444,32€, con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento do parque infantil no lugar da Igrexa na parroquia de Baldrans, Tui*” (Expte.2022064038) cun orzamento polo importe de 70.444,32€, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	70.444,32	70.444,32	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	70.444,32	70.444,32	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de coordinación de seguridade e saúde por importe de 1.445,95 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Patrimonio Cultural), sendo imprescindible que a remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Tui deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.32277.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE TUI NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DE RÚA LUGO, NÚCLEO DE RÚAS NOVAS, CONCELLO DE TUP”.  
(Expte.2022064034)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

A súa vez, a base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexitima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.



No marco do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, mediante acordo núm. 7.31855 da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 17 de xuño de 2022, concedéuselle ao *concello de Tui* unha subvención, por importe de 322.828,05 euros (anualidade 2022), co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma e acondicionamento de las piscinas municipais*” (expediente 2022011525), cun orzamento polo importe de 322.828,05 €.

En data 17/10/2022 o concello presenta solicitude de desistencia da actuación salientada no paragrafo anterior, sendo autorizada esta desistencia por Resolución Presidencial Núm. 2022007617 de data 26/10/2022 deixando en dispoñible o crédito previamente comprometido, por un importe de 322.828,05 euros, na aplicación orzamentaria 2022/942.9425.762.45 dentro do correspondente proxecto de gasto para o financiamento dos novos investimentos que o Concello de Tui pretende acometer.

Neste contexto en data 17/10/2022 WEB2022053975, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Tui na que solicita, por cambio de finalidade, unha subvención por importe de 252.340,21 €, con destino ao financiamento “*Humanización de Rúa Lugo, núcleo de Rúas Novas, Concello de Tui*”, cun orzamento por importe de 252.340,21 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	252.340,21	252.340,21	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	252.340,21	252.340,21	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe de 19.081,47 €.

En datas posteriores o Concello emenda as deficiencias observadas na documentación aportada inicialmente dando resposta así ao requirimento efectuado formalmente por este servizo.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar solicitar informe do servizo de arqueoloxía do *Concello de Tui* e autorización da Comisión do P.E.P.C.H.A.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 18/10/2022.



**Fundamentación xurídica:****Normativa examinada:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

**Consideracións xurídicas:****Instrución do expediente:**

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

**Petición e evacuación de informes:**

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base Reguladora 17ª do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexítima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a



convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.

- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 18/10/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 10/11/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/11/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui* CIF P3605500B, por cambio de finalidade, a cantidade de 252.340,21€, con destino ao financiamento do investimento “*Humanización de Rúa Lugo, núcleo de Rúas Novas, Concello de Tui*” (Expte.2022064034) cun orzamento polo importe de 252.340,21 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	252.340,21	252.340,21	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	252.340,21	252.340,21	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe de 19.081,47 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da autorización da Comisión de seguimento do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico – Artístico de Tui (P.E.P.C.H.A.), sendo imprescindible que a remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Tui deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Tui*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.32278.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA, ASESORAMENTO, DEFENSA LETRADA E REPRESENTACIÓN EN XUÍZO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO EIDO DE RECURSOS HUMANOS, EMPREGO PÚBLICO E PATRIMONIO. (Expte. 2020024551)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 30 de outubro de 2020, adxudicou o “*Acordo marco para a contratación do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra no eido de recursos humanos, emprego público e Patrimonio*” á empresa J&A Garrigues, SLP (CIF: B-81.709.081), de acordo ao seguinte detalle:

DESCRICIÓN DO SERVIZO	Prezo unitario ofertado (sen IVE)	IVE	Prezo unitario ofertado (co IVE)	Unidades estimadas (anuais)
Servizos de asistencia e asesoramento xurídicos en materia de recursos humanos, emprego público e Patrimonio (Prezo por hora):	120,00 €	25,20 €	145,20 €	90
Servizos de defensa xurídica en procedementos xudiciais do tipo 1, complexidade baixa:	1.150,00 €	241,50 €	1.391,50 €	10
Servizos de defensa xurídica en procedementos xudiciais do tipo 2, complexidade normal:	6.500,00 €	1.365,00 €	7.865,00 €	4





O Acordo Marco entrou en vigor o día 14 de decembro do 2020, data da súa formalización, cun prazo de duración de un ano, e a posibilidade de tres prórrogas anuais, conforme ao establecido na cláusula 4 do prego administrativo.

O servizo de Contratación preavisou á empresa contratista, mediante escrito notificado o día 4 de outubro de 2022 na dirección electrónica habilitada, da intención de acordar a primeira prórroga anual do acordo marco nos mesmos termos e condicións. (Rexistro saída NOT2022020977, do día 04/10/2022. Data de comparecencia: 04/10/2022).

Visto o informe dos responsables do Acordo Marco, de data 13 de outubro do 2022 (CSV: EFR4E5QV1NVH7134), de acordo o cal na actualidade a execución do contrato vense desenvolvendo segundo o pactado, e tendo en conta o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte da empresa contratista que xustifiquen a procedencia da prórroga.

Tendo en conta o artigo 29.2 LCSP, que permite que o contrato poda prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordaraa o órgano de contratación e será obrigatoria para a empresaria ou empresario sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, agás que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. En ningún caso se poderá producir a prórroga polo consentimento tácito das partes.

Tendo en conta que, de conformidade co dito artigo, a cláusula 4 do prego económico-administrativo, e o propio *Acordo marco para a contratación do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra no eido de recursos humanos, emprego público e Patrimonio*, previron a posibilidade de realizar tres prórrogas, cun prazo de duración dun ano cada unha, ata alcanzar o prazo de duración total de catro anos.

Tendo en conta que se realizou aviso previo coa antelación de dous meses sinalada no citado artigo 29, polo que a prórroga do acordo marco sería obrigatoria para a empresa contratista.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación, neste caso, a Xunta de Goberno, adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Visto o informe favorable emitido de xeito conxunto polo servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, a Secretaría Xeral e a Intervención da Deputación de Pontevedra, de data 09 de novembro do 2022 (CSV: RV5ZSDN4YL1HD4VN), segundo o cal:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe dos responsables do Acordo Marco, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato por unha anualidade, desde o 15 de decembro de 2022 ó 14 de decembro de 2023.*

*O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 15 de decembro de 2022.”*



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste acordo marco; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a segunda prórroga do *Acordo marco para a contratación do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra no eido de recursos humanos, emprego público e Patrimonio* subscrito coa empresa J&A Garrigues, SLP (CIF: B81709081), durante o período 15 de decembro de 2022 a 14 de decembro de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Os contratos que deriven da presente prórroga anual deste Acordo Marco durante o ano 2022 e 2023, que se axustarán aos prezos unitarios ofertados pola empresa contratista, serán financiadas con cargo ás aplicacións orzamentarias dos respectivos centros xestores (Contratación e Recursos Humanos) para as anualidades 2022 e 2023, debendo realizarse previamente a respectiva tramitación e solicitude de existencia de crédito antes da súa adxudicación. Poderá redistribuírse o importe entre as distintas aplicacións en función das necesidades reais, limitado polas disponibilidades orzamentarias e respectando o importe total do Acordo Marco.

No caso de tratarse de anualidades futuras (neste caso ano 2023), o gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

9.32279.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA, AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS, S.L., PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DA CAMPAÑA ANUAL DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO RÍAS BAIXAS. (Expte. 2020034094)

Na sesión ordinaria do día 22 de xaneiro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato que rexe na prestación do *Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas* á empresa Avante Evolución de Medios, S.L.U. (B- 70.509.971), polo seguinte prezo e valores ofertados:

a) Prezo ofertado xestión e coordinación:

Importe sen o IVE:	5.000,00 €
IVE (21%):	1.050,00 €
Importe total ofertado:	6.050,00 €



- b) Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios off-line:  
% comisión da axencia off line (máximo 3%): 0,00 %
- c) Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios on-line:  
% comisión da axencia on-line (máximo 4%): 0,00 %
- d) Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios mediante compra programática  
% comisión da axencia (máximo 1%): 0,00 %
- e) Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios mediante xestións pola Deputación de Pontevedra:  
% comisión da axencia (máximo 0,5%): 0,00 %
- f) Comisión da axencia sobre custos de contratación externa:  
% comisión da axencia (máximo 6%): 0,00 %

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 26 de febreiro de 2021 e o prazo de duración inicial do contrato é o ano 2021, desde o día da súa formalización e ata o 31 de decembro de 2021. No caso de prórrogas (establécense tres), estas terán unha duración dunha anualidade cada unha delas.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 17 de decembro de 2021, a primeira prórroga do “Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas” subscrito coa empresa AVANTE EVOLUCION DE MEDIOS S.L. (CIF: B70509971) ata o 31 de decembro de 2022, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 6 de outubro de 2022 a Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos de 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 07 de outubro de 2022, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos. Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 9 de novembro do 2022 (CSV: VTEI0NH6FLGZSRI7), que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato por unha anualidade, desde o 1 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2023.*

*O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 1 de xaneiro de 2023.”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a prórroga do contrato para a prestación do “*Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas*” subscrito coa empresa *Avante Evolución de Medios, S.L.U.* (B70509971), durante o período 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato (desde o 1 de xaneiro de 2023 ó 31 de decembro de 2023) e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 433.4320.226.02 do exercicio 2023.

O importe do gasto correspondente a anualidade 2023 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

10.32280.- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO INCOADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “SUBSTITUCIÓN DAS ESCALEIRAS DE EMERXENCIA DO CENTRO INFANTO XUVENIL ESCOLA FOGAR DE PRÍNCIPE FELIPE”. (Expte. 2021004064)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 07/710/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe*” cun orzamento base de licitación de 325.391,52 €.

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de outubro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 4 de novembro de 2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe*”.

Resultando.- Que a acta da Mesa de Contratación, recolle o seguinte: “...*A Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, declarar deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe", debido a que, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, non se presentou ningunha proposición de empresas interesadas na adxudicación deste procedemento aberto simplificado...*”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título II do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 150.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, recolle o seguinte”... *non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego...*”

Considerando.- Que a sensu contrario cabería concluír que cando non exista ningunha oferta ou proposición admisible de acordo cos criterios que figuren no prego, a licitación poderá declararse deserta.

Considerando.- Que o artigo 63.e) parágrafo segundo establece que serán obxecto de publicación no perfil do contratante, a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato, o desistimento do procedemento de adxudicación, a declaración de deserto, así como a interposición de recursos e a eventual suspensión dos contratos con motivo da interposición de recursos.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Declarar deserto o procedemento aberto simplificado abreviado, convocado para a contratación da obra “*Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe*”.
2. Arquivar o expediente correspondente a este procedemento que se declara deserto e incoar no seu caso un novo expediente.



11.32281.- SUSPENSIÓN PARCIAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO ESCOLAR NA E.P. 3102 AO CEP PEDRO CASELLES DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 0+400 (CONCELLO DE TOMIÑO)”. (Expte.2021041514)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28/01/2022 acordou adxudicar á empresa *Construcións Obras e Vías, S.A.* (CIF A36008886), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o PQ. 0+400*”, por importe de 249.997,71 € IVE incluído, e un prazo de execución SEIS (6) MESES..

Con data 06/06/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo negativa debido a que con data 10/03/20 foi enviado a UFD o proxecto para comprobar e estudar os servizos afectados. Despois de realizar varios informes, continúaase en comunicación con UFD para poder ter concretado o retranqueo da liña e así poder iniciar a obra.

Con data 24/05/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo positiva, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra 24/11/2022.

Con data 03/11/2022 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista no que solicita unha paralización parcial da obra debido a que se está a producir un retraso na entrega do subministro de colorante para executar a senda de formigón coloreado, que unido ás condicións meteorolóxicas rexistradas nas últimas semanas e as que se esperan nas vindeiras, complique a execución das unidades de obra como o pavimento de formigón, asfaltado e pintado da obra, provocando ademais que non se poidan colocar as barandillas e farolas.

Con data 04/11/2022 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre VINTE (20) DÍAS para a finalización do prazo de execución. A acta recolle que a porcentaxe de obra executada é do 26,92 % quedando unidades de obra pendentes de executar por un importe de 182.697,22 €. Coa acta xúntase informe coa medición das unidades de obra executadas e as que quedarían pendentes por executar.

Resultando.- Que con data 08/11/2022 emitiu informe o adxunto á xefatura do Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “*...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, non se poden executar as unidades de obra como o pavimento de formigón, asfaltado e pintado da obra ó estarse a producir un retraso no subministro do colorante para executar a senda de formigón coloreado. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, parece razoable suspender parcialmente a execución da obra nas unidades de obra que non se poden executar. Unha vez que se solucionen as causas que deron lugar á paralización, deberá formalizarse acta de reinicio das obras, quedando nese intre 20 DÍAS para finalizar o prazo de execución das citadas unidades...*”



Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a paralización parcial da execución do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)”, con efectos dende o 04/11/2022.

As unidades de obra paralizadas son as seguintes:

UD	DESCRIPCIÓN
Ud	Desmontaxe de poste ou farola existente
M2	Pavimento de 15 cm. De formigón coloreado para a senda
M2	Baldosa de formigón prefabricado
M2	Fresado por cm de espesor
Tn	Emulsión asfáltica
Tn	Mestura bituminosa en quente AC 16 surf BC 50/70 D
ml	Marca viaria branca reflexiva para cebreados, símbolos, etc
ml	Marca viaria lonxitudinal reflexiva tipo II TB, branca ou amarela de 15 cm
ml	Marca viaria lonxitudinal reflexiva tipo II TB, branca ou amarela de 10 cm



ml	Marca viaria lonxitudinal reflexiva tipo II TB de 40 cm
Ud	Subministro e colocación de sinal circular de 60 cm de diámetro
Ud	Subministro e colocación de sinal cadrada de 60 cm
Ud	Subministro e colocación de sinal triangular de 90 cm
Ud	Desmontaxe e reinstalación de sinal existente
Ud	Plantación mediante camión grúa de Haya e Abedul
Ud	Alcorque executado de 1x1 m
Ud	Subministro e instalación de varanda para exteriores
Ud	Subministro e instalación de banco de pedra
M2	Formación de xardinería
Ud	Subministro e instalación de sistema de reforzo lumínico modelo VIAK
Ud	Subministro e instalación de columna de 8 mts SPL e luminarias LINED

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión parcial da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre VINTE (20) DIAS, para finalizar a obra.

12.32282.- APROBACIÓN DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DERIVADO 2021023434 CORRESPONDENTE AS “OBRAS NA ZONA D - LOTE 4 DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte.2021023434)

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2021, acordou adxudicar o “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, Zona D – Lote 4” á empresa CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.

A Xunta de Goberno de data 28 de maio de 2021, adxudicou o “Contrato derivado das obras na ZONA D- lote 4 do Acordo marco de conservación de firmes na rede viaria”, do polo importe 878.597,20 € IVE incluído.

Con data 8 de abril de 2022 a empresa CONSTRUCIÓNS OBRAS E VIARIAS, SA presenta por rexistro (WEB2022021167) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito contrato derivado da Zona D - Lote 4.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspón a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e





sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

Polo servizo técnico de Infraestrutura emítese informe, con data 5 de outubro de 2022 (CSV: 6FL1360KVL02ZPMX) no que se sinala que:

- *“Trátase dun contrato derivado dun acordo marco, acordo que foi formalizado o día 04/05/2021 logo de que o día 20/01/2021 rematara o prazo para presentar as ofertas. Neste acordo marco quedan os prezos fixados de forma invariable durante toda a súa vixencia (a cal é dun ano prorrogable ata catro) determinando en consecuencia o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.*
- *O solicitante propón a fórmula de revisión de prezos nº 153. Dado que nin no proxecto construtivo nin no PCAP se determina a fórmula de revisión de prezos a empregar, logo do análise das diferentes fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula nº 153, coincidente neste caso coa proposta na solicitude, é a que houbera correspondido ó contrato. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste de materiais siderúrxicos, materiais bituminosos, aluminio ou cobre, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato, utilizando a fórmula 153, habendo discrepancia na data para determinar o subíndice “0” do coeficiente de revisión (debe referirse ao mes de abril e non de xuño do 2021) e habendo ademais, discrepancia no importe indicado para a certificación de setembro do 2021. Unha vez revisada a xustificación do solicitante, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 153 cómprese dito requisito, obtendo un incremento do 8,47%. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante aporta unha xustificación do importe de revisión de prezos a abonar, resultando 47.704,30 € sen IVE. Unha vez revisada a xustificación do solicitante, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula usada (nº 153) é a aceptada como se indicou anteriormente, e existen as mesmas discrepancias sinaladas anteriormente para determinar o subíndice “0” referido no artigo 8 do RDL 3/2022. Xúntanse os cálculos xustificativos corrixidos usando a fórmula nº 153 determinando que a revisión de prezos que procedería é de 77.205,17 € con IVE .*
- *A acta de recepción das obras formalizouse o día 11/02/2022. Non foi emitida certificación final das obras, sendo o prazo límite para tela aprobado de 3 meses segundo o art.243.1 da Lei 9/2017 , de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. En consecuencia, o día 11/05/2022 determina a finalización do contrato derivado de obras ós efectos do cumprimento do prazo sinalado no art. 9.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, prazo que se cumpre dado que a solicitude de revisión de prezos foi realizada o día 08/04/2022.*

Con data 31 de outubro, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 por importe de 77.205,17 € mediante documento de retención de crédito núm. 202200215700.



Trasladado o expediente á Intervención co obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 31 de outubro, informa favorablemente a proposta de aprobación da revisión excepcional de prezos polo importe de 77.205,17 €, coa seguinte observación:

*“A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislación orzamentaria”*

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6, 7, 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos excepcional do *“Contrato derivado de obras na ZONA D- Lote 4, do Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”*, adxudicado á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. (A36008886), aplicando a



fórmula nº 153 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión de 77.205,17 €, IVE incluído.

2.-Autorizar ou gasto, recoñecemento dá obriga e o pago da revisión excepcional de prezos a favor da empresa CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.(A36008886) por importe 77.205,17 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente Orzamento Provincial.

13.32283.- CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE SOBRE A PARCELA B-05 DO POLÍGONO INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO, CONCELLO DE BARRO, A FAVOR DA EMPRESA MARISCOS ALUMAR S.L. (Expte.2022067341)

Dada conta do informe-proposta do técnico colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), que conta co conforme do Secretario Xeral, de data 8 de novembro de 2022, que textualmente di:

*“O Pleno da Corporación Provincial, na sesión celebrada o 28 de xaneiro de 2022, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (22) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do solo urbanizable industrial Outeda-Curro, no concello de Barro.*

*Finalizado o prazo de presentación de proposicións o Pleno Provincial, na sesión do 25 de marzo de 2022, declarou deserto o citado concurso e acordou a posibilidade de efectuar o alleamento ou constitución do dereito de superficie, por adxudicación directa, das 22 parcelas desertas durante o prazo dun ano e en iguais condicións ás que se ofertaron no prego deste concurso, previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles compradores, coa finalidade de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrència.*

*O 4 de novembro de 2022 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro web2022056741) escrito de D. Jose Luis Camiña Castro, actuando en nome e representación da empresa MARISCOS ALUMAR S.L., con CIF B-94154507, a través do cal solicita o exercicio de constitución ao seu favor dun dereito de superficie sobre a parcela B-05 de 2.089,15 m<sup>2</sup> ao prezo de 99,00 €/m<sup>2</sup>, IVE excluído; isto é 206.825,85 €.*

*Así mesmo, aporta documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e deposita na Tesourería Provincial a garantía esixida na cláusula 18ª do PCAP, equivalente ao 100% do canon anual (6% do prezo de adxudicación, IVE excluído), segundo o seguinte detalle:*

- Parcela B-05, DOCE MIL CATROCENOS NOVE EUROS, CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (12.409,55 €), operación OIF-IF, número 202200220136.



## CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, cumpríndose todos os trámites requiridos nos PCAP, infórmase favorablemente a solicitude da empresa MARISCOS ALUMAR S.L., con CIF B-94154507, e propónse a constitución ao seu favor dun dereito de superficie sobre a parcela B-05 do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), nos termos expostos”.

Visto o informe emitido pola Intervención Provincial, de data 10 de novembro de 2022, favorable á proposta de constitución dun dereito de superficie a favor da empresa Mariscos Alumar S.L sobre a parcela B-05 do Polígono de Barro, de 2.089,15 m<sup>2</sup>, ao prezo de 99,00 €/m<sup>2</sup>, polo 6% anual; isto é 12.409,55 €, máis 2.606,01 € en concepto de IVE, que fan un total de 15.015,56 € para o ano 2023, e que inclúe o seguinte cadro de financiación:

“...

DEREITO SUPERFICIE, INICIO: 01/01/2023

Base: Drto. SUPERFICIE  
ANUAL 6% + 12.409,55 € 2023 A 2027 Ano 6= Ano 5+2 Puntos  
sen IPAVP:  
Base: Drto. SUPERFICIE  
ANUAL 8% + 16.546,07 € 2028 A 2047  
sen IPAVP:

### PAGO IVE COA EMISIÓN DE CADA FACTURA, ANUAL

Ano	Data	D. SUPERFICIE INICIAL (*)	% IPAVP (1)	Increment o canon anual	Canon anual	IVE	total a ingresar (1)	Observacións
1	2023	12.409,55 €	1,00%	0,00 €	12.409,55 €	2.606,01 €	15.015,56 €	periodo: 01/01/23 a 31/12/22 (12 meses)
2	2024	12.409,55 €	1,00%	124,10 €	12.533,65 €	2.632,07 €	15.165,72 €	hipóteses ipavp ano anterior
3	2025	12.533,65 €	1,00%	125,34 €	12.658,99 €	2.658,39 €	15.317,38 €	hipóteses ipavp ano anterior
4	2026	12.658,99 €	1,00%	126,59 €	12.785,58 €	2.684,97 €	15.470,55 €	hipóteses ipavp ano anterior
5	2027	12.785,58 €	1,00%	127,86 €	12.913,44 €	2.711,82 €	15.625,26 €	hipóteses ipavp ano anterior
6	2028	16.546,07 €	1,00%	844,02 €	17.390,09 €	3.651,92 €	21.042,01 €	si non exerce opción de compra, incremento do canon en 2 puntos + ipavp anteriores
7	2029	17.390,09 €	1,00%	173,90 €	17.563,99 €	3.688,44 €	21.252,43 €	hipóteses ipavp ano anterior
8	2030	17.563,99 €	1,00%	175,64 €	17.739,63 €	3.725,32 €	21.464,95 €	hipóteses ipavp ano anterior
9	2031	17.739,63 €	1,00%	177,40 €	17.917,03 €	3.762,58 €	21.679,61 €	hipóteses ipavp ano anterior



10	2032	17.917,03 €	1,00%	179,17 €	18.096,20 €	3.800,20 €	21.896,40 €	hipóteses ipavp ano anterior
11	2033	18.096,20 €	1,00%	180,96 €	18.277,16 €	3.838,20 €	22.115,36 €	hipóteses ipavp ano anterior
12	2034	18.277,16 €	1,00%	182,77 €	18.459,93 €	3.876,59 €	22.336,52 €	hipóteses ipavp ano anterior
13	2035	18.459,93 €	1,00%	184,60 €	18.644,53 €	3.915,35 €	22.559,88 €	hipóteses ipavp ano anterior
14	2036	18.644,53 €	1,00%	186,45 €	18.830,98 €	3.954,51 €	22.785,49 €	hipóteses ipavp ano anterior
15	2037	18.830,98 €	1,00%	188,31 €	19.019,29 €	3.994,05 €	23.013,34 €	hipóteses ipavp ano anterior
16	2038	19.019,29 €	1,00%	190,19 €	19.209,48 €	4.033,99 €	23.243,47 €	hipóteses ipavp ano anterior
17	2039	19.209,48 €	1,00%	192,09 €	19.401,57 €	4.074,33 €	23.475,90 €	hipóteses ipavp ano anterior
18	2040	19.401,57 €	1,00%	194,02 €	19.595,59 €	4.115,07 €	23.710,66 €	hipóteses ipavp ano anterior
19	2041	19.595,59 €	1,00%	195,96 €	19.791,55 €	4.156,23 €	23.947,78 €	hipóteses ipavp ano anterior
20	2042	19.791,55 €	1,00%	197,92 €	19.989,47 €	4.197,79 €	24.187,26 €	hipóteses ipavp ano anterior
21	2043	19.989,47 €	1,00%	199,89 €	20.189,36 €	4.239,77 €	24.429,13 €	hipóteses ipavp ano anterior
22	2044	20.189,36 €	1,00%	201,89 €	20.391,25 €	4.282,16 €	24.673,41 €	hipóteses ipavp ano anterior
23	2045	20.391,25 €	1,00%	203,91 €	20.595,16 €	4.324,98 €	24.920,14 €	hipóteses ipavp ano anterior
24	2046	20.595,16 €	1,00%	205,95 €	20.801,11 €	4.368,23 €	25.169,34 €	hipóteses ipavp ano anterior
25	2047	20.801,11 €		208,01 €	21.009,12 €	4.411,92 €	25.421,04 €	hipóteses ipavp ano anterior

(1) Cálculos realizados con un hipotético “índice de prezos aluguer de vivendas provinciais” (IPAVP) anual do 1 %

*Aplicase o IPAVP ata que o INE publique o “índice de aluguer de oficinas autonómico”, (disposición transitoria da Lei DESINDEXACIÓN) ...”*

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. A constitución dun dereito de superficie, con opción de compra, sobre a parcela B-05 do Polígono Industrial Outeda-Curro, Barro, a favor da empresa Mariscos Alumiar, S.L. (CIF:B94154507), conforme ao cadro de financiación reflectido no informe da Intervención Provincial, de data 10 de novembro de 2022, e cun prazo de vixencia de 25 anos.



Segundo. De acordo co disposto no prego de cláusulas económicas administrativas particulares, dentro do trinta días seguintes á notificación da adxudicación o superficiario procederá ao ingreso, mediante transferencia bancaria á conta corrente e no prazo que se indique ao efecto na liquidación que se practique e notifique pola Deputación de Pontevedra (achegarse factura), da parte proporcional do canon anual ofertado calculado desde o momento da notificación da adxudicación ata a finalización do ano natural en curso (31 de decembro), máis o IVE correspondente.

Terceiro. Para as seguintes anualidades o canon anual actualizado (conforme á fórmula de revisión prevista na cláusula novena), máis o IVE correspondente, ingresarase mediante transferencia bancaria á conta corrente que se indique ao efecto, dentro do primeiro trimestre natural de cada ano, no prazo que se sinale na liquidación que se practique e notifique pola Deputación. Os ingresos contabilizaranse con cargo ao concepto orzamentario “23/456-609.00 venta de parcelas polígono” no primeiro exercicio 2023.

14.32284.- EXERCICIO DE OPCIÓN DE COMPRA SOBRE A PARCELA B-01 DO POLÍGONO INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO, CONCELLO DE BARRO, POR PARTE DA EMPRESA MARISCOS ALUMAR S.L. (Expte.2022067405)

Dada conta do informe-proposta do técnico colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), que conta co conforme do Secretario Xeral, de data 10 de novembro de 2022, que textualmente di:

*“Vista a solicitude presentada por D. José Luís Camiña Castro, actuando en nome e representación da empresa MARISCOS ALUMAR, S.L., sobre o asunto arriba indicado (nº de rexistro web2022057403/ data 8 de novembro de 2022), pola presente emítese o seguinte*

INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

*Primeiro. A Xunta de Goberno Provincial, na sesión celebrada o 11 de xaneiro de 2019, acordou outorgar á empresa Mariscos Alumar, S.L a constitución dun dereito de superficie, con opción de compra, sobre a parcela B-01 do Polígono SRAU Industrial Outeda-Curro, de 1.595,56 m<sup>2</sup>, cum canon anual ofertado de 11.467,93, IVE incluído.*

*As características da parcela B-01 son as seguintes:*

*Superficie: 1.595,56 m<sup>2</sup>*

*Ocupación máxima: 1.002,02 m<sup>2</sup>*

*Coefficiente de Edificabilidade: 1,10%*

*Edificabilidade: 1.755,10 m<sup>2</sup>*



*Líndes:*

*Norte:* VIARIO-APARCADOIRO

*Sur:* ZONA VERDE

*Leste:* ZONA VERDE

*Oeste:* PARCELA B-03

*INSCRIPCIÓN.- Figura inscrita no Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis, ao Tomo 815, Libro 74, Folio 218, Finca número 10.206.*

*REFERENCIA CATASTRAL: 36002A049003490000HE*

*Devandito acordo de constitución dun dereito de superficie sobre a parcela B-01, por un prazo de 25 anos, coa posibilidade de exercer durante os cinco primeiros un dereito de opción de compra, elevouse a escritura pública (nº 363) outorgada o 28 de febreiro de 2019 ante o Notario de Caldas de Reis, D. José María Graño Ordóñez.*

*Segundo. O 8 de novembro de 2022 (rexistro web2022057403) a empresa Mariscos Alumar S.L. presenta un escrito no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra a través do cal solicita o exercicio da opción de compra da parcela B-01, mediante a modalidade de pago único; adxunta documentación relativa ao inicio da actividade e aquela outra acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias, coa seguridade social e a Deputación de Pontevedra.*

#### *TRATAMENTO TÉCNICO*

*Primeiro. De conformidade co disposto na cláusula oitava do PCAP, poderase exercitar o dereito de opción de compra -de xeito gratuito- dentro dos cinco primeiros anos dende a constitución do dereito de superficie para o cal o superficiario haberá de comunicar de forma fidedigna á Deputación a súa intención de exercitar aquel.*

*No caso de que o contratista decidise adquirir a propiedade da parcela, a compravenda formalizarase de conformidade coas seguintes condicións:*

- O prezo total da compravenda será o recollido nas táboas do anexo IV, actualizado coas variacións experimentadas polo Índice de Prezos ao Consumo que, de forma acumulativa e cun límite máximo de variación anual do 1,5% e mínimo do 0%, tivera lugar ata o momento en que se exercite polo superficiario o dereito de opción de compra.*
- Ao pago do prezo total, determinado na forma indicada no apartado anterior, aplicaranse os seguintes importes pagados polo superficiario en función da anualidade en que se exercite o dereito de opción de compra:*
  - *O 100% do canon satisfeito pola primeira anualidade.*
  - *O 100% do canon satisfeito pola segunda anualidade.*
  - *O 90% do canon satisfeito pola terceira anualidade.*
  - *O 80% do canon satisfeito pola cuarta anualidade.*



-Respecto da forma de pago do prezo total resultante, o adquirente poderá elixir unha das seguintes opcións:  
 Opción A): abonar o 100% do prezo total resultante, máis o IVE total da operación, no acto de sinatura da escritura pública de compravenda.

Opción B): fraccionar o pago da seguinte forma:

Abonar o 25% do prezo total resultante, máis o IVE total da operación, no acto de sinatura da escritura pública de compravenda;

Abonar o 75% restante do prezo total resultante, de forma fraccionada. Dita proposta de pago fraccionado terá que comunicarse á Deputación con carácter previo e por tempo suficiente, ao acto de sinatura da escritura pública de compravenda, para a súa autorización e aprobación expresa pola Deputación.

Segundo. De acordo coa documentación que figura no expediente, unha vez realizadas as actualizacións oportunas de IPC e as deducións dos importes pagados en concepto de canon (2019-2022), o valor da presente compra-venda ascende a cantidade de 155.204,21 euros (IVE do 21% incluído), conforme ao seguinte detalle:

Concepto	Data	Valor (sen IVE)	Ipc (2019)	Ipc (2020)	Ipc (2021): 6,5% (límite máx: 1,50)	Ipc (xaneiro setembro 2022: 8,9%), [límite máx.: 1,5%]	Valor Actual (01/11/2022)	IVE (21%)	Total Actualizado (IVE incluído)
Parcela B-01 (1,595,56m2 *99,00€/M2 (Sen IVE)	01/01/2019	157.960,44 €	0,80%	0,00%	1,50%	1,50%	164.036,67 €		
100% Canon 1ª Anualidade	01/01/2019	9.477,63 €					9.477,63 €		
100% Canon 2ª Anualidade	01/01/2020	9.553,45 €					9.553,45 €		
90% Canon 3ª Anualidade	01/01/2021	8.598,11 €					8.598,11 €		
80% Canon 4ª Anualidade	01/01/2022	8.139,54 €					8.139,54 €		
VALOR ACTUAL PTE. DE COBRO, PARCELA B-01 (DEDUCIDO O CANON PAGADO EN CONCEPTO DE DEREITO DE SUPERFICIE 1ª a 4ª ANUALIDADES							128.267,94 €	26.936,27 €	155.204,21 €
(*) IPC " TAXA ANUAL, límite máximo 1,5%, (cláusula 8ª)									

Terceiro. De conformidade co disposto na cláusula oitava do PCAP, en relación coa décimo oitava, non é necesario que a empresa constituía garantía definitiva xa que no momento de exercitarse a opción de compra transcorreu máis dun ano desde que iniciou a súa actividade (o 19 de agosto de 2019), e ademais opta pola compra en firme sen pago aprazado.

Cuarto. O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo máximo de quince días contando desde o día seguinte ao da remisión da notificación da adxudicación. A formalización do contrato e a súa elevación a público realizaranse, preferiblemente, en unidade de acto.





## CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, infórmase favorablemente a solicitude da empresa Mariscos Alumar S.L. (CIF B-94154507) para exercer a opción de compra sobre a parcela B-01 do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), da cal xa é superficiario, nos termos expostos”.

Visto o informe emitido pola Intervención Provincial, de data 11 de novembro de 2022, favorable á proposta do exercicio de opción de compra pola Empresa Mariscos Alumar S.L., sobre a parcela B-01 do Polígono de Barro, de 1.595,56 m<sup>2</sup>, ao prezo de 102,81 €/m<sup>2</sup>, e no que se reflicte que unha vez realizadas as actualizacións oportunas de IPC e as deducións dos importes pagados en concepto de canon (2019-2022), o valor da presente compra venda ascende a cantidade de 155.204,21 € (IVE do 21% incluído), conforme ao seguinte detalle:

“...

PARCELA B-01 (1,595,56m<sup>2</sup> \*99,00€/m<sup>2</sup> (sen IVE)

CONCEPTO	DATA	VALOR (SEN IVE)	IPC (2019)	IPC (2020)	IPC (2021): 6,5% (Límite máx.: 1,50)	IPC (xaneiro setembro 2022: 8,9%), [límite máx.: 1,5%]	Valor Actual (01/11/2022)	IVE (21%)	Total Actualizado (IVE incluído)
Parcela B-01 (1,595,56m <sup>2</sup> *99,00€/m <sup>2</sup> (sen IVE)	01/01/2019	157.960,44 €	0,80%	0,00%	1,50%	1,50%	164.036,67 €		
100% Canon 1ª Anualidade	01/01/2019	9.477,63 €					9.477,63 €		
100% Canon 2ª Anualidade	01/01/2020	9.553,45 €					9.553,45 €		
90% Canon 3ª Anualidade	01/01/2021	8.598,11 €					8.598,11 €		
80% Canon 4ª Anualidade	01/01/2022	8.139,54 €					8.139,54 €		
VALOR ACTUAL PTE. DE COBRO, PARCELA B-01 [DEDUCIDO O CANON PAGADO EN CONCEPTO DE DEREITO DE SUPERFICIE 1ª a 4ª ANUALIDADES]							128.267,94 €	26.936,27 €	155.204,21 €

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aceptar o exercicio do dereito de opción de compra por parte da empresa Mariscos Alumar S.L. (CIF B-94154507), respecto da parcela B-01 do Polígono Industrial Outeda-Curro, Barro, da cal xa é superficiario, polo importe de 155.204,21 € (IVE do 21% incluído), conforme ao sinalado no informe de Intervención transcrito anteriormente.

Segundo. O contrato formalizárase e elevarase a público nos termos e prazos establecidos na cláusula vixésimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen este expediente.



15.32285.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2022067637 que contén 15 facturas e por un importe de 90.572,57 €, e con CSV: 47SHJ6R6PFSBO1ZQ, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 09/11/2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total .....	90.572,57 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible .....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos .....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido .....	90.572,57 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

b) Vista a relación de facturas con número 2022067813 que contén 1 factura e por un importe de 455,00 €, e con CSV: 0PZM8QXO4EXAEQWN, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 10/11/2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total .....	455,00 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible .....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos .....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido .....	455,00 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*



16.32286.- RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Ó CLUB TENIS MESA DE MOS “II TORNEO INTERNACIONAL CTM MOS” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 16 DE SETEMBRO DE 2022 (Expte. 2022025074)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do CLUB DE TENIS MESA DE MOS con NIF: G27873686, do concello de Mos, por un importe de 316,89 €, para o “II TORNEO INTERNACIONAL CTM MOS” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022056703 con data 04/11/2022 do citado club renunciando á subvención concedida dado que non se vai celebrar por coincidencia con torneos e desputas de ligas da Federación Galega de Tenis de Mesa, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

17.32287.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO “CICLO DE OBRADOIROS VIVENCIAIS: TEMPO DE COIDARME” DA “ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO INTEGRAL E A PROMOCIÓN SOCIAL SIÉNTETE BIEN” (Expte. 2022026905)

A Asociación para o *Desenvolvemento Integral e a Promoción Social Siéntete Bien* solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “Ciclo de obradoiros vivenciais: tempo de coidarme”, ao abeiro da convocatoria de bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número nº 53 de 17 de marzo de 2022.

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 29 de xullo de 2022, acordou concederlle á dita entidade, unha axuda económica por importe de 2.198,97 euros, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Esta entidade, con data de 7 de outubro presenta no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2022052872, no que nos comunica cambios no proxecto presentado inicialmente, en canto as datas de celebración dos obradoiros e informan da aportación económica de cada un dos concellos onde se realicen estes obradoiros.

No proxecto presentado inicialmente programaron a realización de tres obradoiros vivenciais de tres horas cada un dirixidos a quince persoas, nos que se combinan elementos procedentes da relaxación, a expresión artística e a psicoloxía. Ditos obradoiros desenvolveranse en tres concellos da comarca do Salnés, en tres datas específicas.



No proxecto e orzamento presentado inicialmente, non se prevía a colaboración económica de ningunha outra administración, solicitándose á Deputación de Pontevedra a totalidade do orzamento para realización das actividades. Unha vez notificada a resolución por parte da institución provincial, e vista a subvención concedida indican que solicitan unha aportación económica a cada un dos tres concellos participantes por importe de 225 euros e, que se ven na obriga de cambiar as datas de realización dos obradoiros para adaptarse as datas dos concellos

Tal e como se recolle na base sexta de compatibilidade das subvencións “*As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración, ente público ou privado, pero en ningún caso o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da actividade ou do proxecto subvencionado*”.

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo quinta da convocatoria destas subvencións a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de dous meses dende a resolución se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e, a entidade mantén a finalidade da subvención e non dana dereitos de terceiros; como é o caso do cambio solicitado pola Asociación para o Desenvolvemento Integral e a Promoción Social Siéntete Bien.

Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo cuarta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a modificación do proxecto “*Ciclo de obradoiros vivenciais: tempo de coidarme*”, solicitado pola Asociación para o *Desenvolvemento Integral e a Promoción Social Siéntete Bien* (CIF:G94159670), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022.

18.32288.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO “AUDIOVISUAL ENREDE O ROSAL 2022” DO CONCELLO DE O ROSAL (Expte.2022023427)

O concello de O Rosal solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Audiovisual Enrede O Rosal 2022*”, ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número nº 47 de 9 de marzo de 2022.



A Xunta de Goberno, na súa sesión do 29 de xullo de 2022, acordou concederlle á dito concello, unha axuda económica por importe de 4.662,46 euros, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Este concello, con data de 21 de outubro presenta no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2022054624, no que nos comunica cambios no proxecto presentado inicialmente, en canto ao alumnado que participará no desenvolvemento do proxecto..

Entre as actividades programadas dentro do proxecto atópanse a creación por parte do alumnado dun mínimo de 6 pezas audiovisuais de sensibilización cara á igualdade e a violencia de xénero, para acadar cambios nos patróns de pensamento do alumnado participante, mellorar as competencias do equipo docente e implicar ás familias e a veciñanza do Rosal no proxecto.

Despois da reunión previa realizada no mes de setembro, para a aposta en marcha do proxecto, na que participa o equipo directivo do centro educativo, o departamento de orientación, persoal técnico do concello e responsables da empresa adjudicataria da realización do proxecto, valorados e avaliados os grupos de alumnado e persoal docente do centro educativo, considerase por todas as partes implicadas, que o grupo mais axeitado para a participar no proxecto é o alumnado de 6º de educación primaria e non o alumnado de 3º da ESO como inicialmente estaba plantexado.

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo sexta da convocatoria destas subvencións; a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de un mes dende a resolución se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada. Neste caso por causas sobrevindas o concello non pode comunicar con anterioridade dita modificación, ademais séguese mantendo a finalidade da subvención, non se dana dereitos de terceiros e non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada.

Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo quinta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o ano 2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a modificación do proxecto “*Audiovisual Enrede O Rosal 2022*”, presentado polo *Concello de O Rosal* (CIF: P3604800-G), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022.



19.32289.- DENEGACIÓN DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO “FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO 2022” DO CONCELLO DE A LAMA (EXPTE. 2022017870)

O concello de A Lama solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “Fomento da Igualdade de Oportunidades e Prevención da Violencia de Xénero 2022”, ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número nº 47 de 9 de marzo de 2022.

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 29 de xullo de 2022, acordou concederlle á dito concello, unha axuda económica por importe de 5.318,12euros, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Este concello, con data de 27 de outubro presenta no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2022055324, no que nos comunica cambios no proxecto presentado inicialmente, en canto ás actividades programadas dentro programa Concilia A Lama 2022.

Entre as actividades programadas dentro do proxecto atópanse a creación de un servizo de apoio ás familias do *concello de A Lama* para que poidan conciliar a vida persoal, familiar e profesional favorecendo a corresponsabilidade. Este servizo realizárase en dous períodos non lectivos no verán (de xuño a setembro) e no nadal. Debido ás necesidades detectadas solicitan unha modificación para realízalo solo no período de nadal, ampliando o horario (maña e tarde) e desenvolver tamén uns talleres que promociónen a igualdade e a prevención da violencia de xénero.

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo sexta da convocatoria destas subvencións; a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de un mes dende a resolución se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada. Neste caso si se varía notablemente o proxecto e a puntuación inicial en canto ás persoas beneficiarias e a duración do proxecto, polo que non procede autorizar a solicitude de modificación do proxecto.

Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo quinta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o ano 2022.



Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Denegar a modificación do proxecto “*Fomento da Igualdade de Oportunidades e Prevención da Violencia de Xénero 2022*”, presentado polo *Concello de A Lama* (CIF: P3602500E), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022.

20.32290.- ACEPTACIÓN DA DESISTENCIA DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA, AO ABEIRO DAS “BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE PROXECTOS SUBVENCIÓNABLES AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PIREP LOCAL”. (Exppte.2022025105)

Ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria do PIREP LOCAL (bases reguladoras aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Corporación Provincial do 25 de marzo de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 60, de 28 de marzo de 2022), mediante acordo núm. 13.31914 de 01/07/2022, o A Xunta de Goberno da Deputación acordou a concesión dunha subvención, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao Concello de Vilanova de Arousa, por importe de 6.500,12 €, co obxecto do financiamento da actuación “*Acondicionamento de baixo para arquivo municipal do concello de Vilanova de Arousa*”.

Na data 11/10/2022, debido a que finalmente o Concello “*solicitou subvención en base a Orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo procedemento de concorrencia competitiva no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, para o proxecto do PIREP do investimento denominado “adequación e melloras para a eficiencia enerxética e acústica do pavillón de Baión*””, o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022053261, emendada na data 17/10/2022, núm. rexistro WEB2022053933) unha Resolución da Alcaldía solicitando “*o desestimento da subvención concedida en data 1 de xullo de 2022 para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria do PIREP LOCAL*”.

Na data 17/10/2022 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe-proposta favorable a aceptación da desistencia.



Na data 04/11/2022 a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Cooperación.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da Provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria do PIREP LOCAL.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 14ª da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Cooperación, correspondéndolle á súa Xefa a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.





#### Procedencia da desistencia:

- Artigo 94 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración as aceptará de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

#### Rexime competencial e proposta de acordo:

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da desistencia.

#### Conclusións

Xuridicamente, a desistencia é a declaración unilateral do interesado de abandonar unha pretensión dentro dun procedemento xa iniciado, configurándose como un modo anormal de terminación do mesmo.

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A Lei esixe como requisitos da desistencia, a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o Concello de Vilanova de Arousa presenta, en data 11/10/2022 (emendada en data 17/10/2022) a solicitude formal de desistencia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria do PIREP LOCAL, co obxecto do financiamento da actuación “*Acondicionamento de baixo para arquivo municipal do concello de Vilanova de Arousa*”.



Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), visto o informe favorable da xefa do servizo de Cooperación de data 17/10/2022 (CSV: 8KKHCICDCYOFB894) e a dilixencia de conformidade da Intervención provincial de data 04/11/2022(CSV: BI74G7QNOX05HXQY), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a desistencia do *Concello de Vilanova de Arousa* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria do PIREP LOCAL, co obxecto do financiamento da actuación “*Acondicionamento de baixo para arquivo municipal do concello de Vilanova de Arousa*” (Expte. 2022025105).
- Determinar a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 6.500,12€, previamente comprometido na aplicación 2022/942.9420.762.99 ao *Concello de Vilanova de Arousa*.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- -Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilanova de Arousa*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

21.32291.- MODIFICACIÓN DO PRAZO PARA ACREDITAR O INICIO DA TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MEIS, MEAÑO E VILANOVA DE AROUSA”. (Expte. 2020043392)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe: “*Á vista da resolución favorable da solicitude de modificación das condicións iniciais relativas ao prazo para acreditar o inicio da tramitación do procedemento de contratación das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”, e co obxecto de aceptar a resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2022025162 e data 03/11/2022, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte.*”

## I. ANTECEDENTES

*Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.*



En data 21/12/2020 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”, asignándosele o rexistro núm. 202000017112. Tras a súa avaliación, en data 22/04/2022 (registro de entrada número: 2022010402) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros, asignándolle o número de proxecto FEDER-EELL-2020-005816.

O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética das instalacións de alumado, iluminación e sinalización exterior dos Concellos. Con estas actuacións conseguirase un aforro estimado no consumo da enerxía eléctrica da instalación reformada en polo menos, nun 30%.

Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvense, entre outras, as seguintes cuestións:

Importe da axuda concedida

Conceder á Deputación de Pontevedra, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 274.855,56€.

Custo elixible admitido para o proxecto

O custo elixible admitido é o seguinte:

MUNICIPIO	MEDIDA	INSTALACIÓN	INVERSIÓN TOTAL ADMITIDA (€)	COSTE ELEGIBLE ADMITIDO (€)	INGRESOS NETOS (€)	*COSTE SUBVENCIONABLE ADMITIDO (€)	AYUDA A OTORGAR (€) (Cofinanciación FEDER)
MEAÑO	Medida 6	Alumbrado público exterior en el municipio de Meaño	100.525,35	100.525,35	0,00	100.525,35	80.420,28
MEIS	Medida 6	Alumbrado Público exterior en el municipio de Meis	90.181,88	90.181,88	0,00	90.181,88	72.145,50
VILANOVA DE AROUSA	Medida 6	Alumbrado Público exterior en el municipio de Vilanova de Arousa	152.862,23	152.862,23	0,00	152.862,23	122.289,78
		<b>TOTAL</b>	<b>343.569,46</b>	<b>343.569,46</b>	<b>0,00</b>	<b>343.569,46</b>	<b>274.855,56</b>

Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.



O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 06 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo número 7.31677 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” e concesión da axuda comprometida pola Deputación ao seu amparo aos concellos beneficiarios. Expediente: 2020043392.

Con data 14/10/2022 e con número de rexistro no IDAE 202200025011, ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita a modificación das condicións iniciais de concesión da axuda debido á petición realizada desde o Concello de Vilanova de Arousa, solicitando a modificación do “convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa”, debido a que neste exercicio non pode asumir a totalidade da achega comprometida. O 30/09/2022 asínase a “addenda número 1 ao convenio de colaboración mediante a que se modifica o financiamento da achega municipal co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes. Provocando a imposibilidade de cumprir co prazo para a acreditación de inicio dos trámites de contratación.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 03/11/2022 e con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2022025162, recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitado para acreditar o inicio da tramitación do procedemento de contratación das actuacións obxecto de axuda e por tanto, modificar a resolución de data 22/04/2022, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros, asignándolle o número de proxecto FEDER-EELL-2020-005816. Neste sentido no prazo máximo de seis meses (6) + tres (3) meses de ampliación de prazo desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se iniciaron os trámites dos procedementos das contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda.

A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condicións económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)



- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017)*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### *Competencia:*

- *De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 do Real Decreto 616/2017, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL, o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.*
- *Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*
- *Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*
- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*
- *Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o alumeado público.*



#### *Petición e evacuación de informes:*

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

#### *Resolución do expediente*

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprometeuse a financiar unha porcentaxe das actuacións.*

### III. CONCLUSIÓNS

O proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación co fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de alumeadado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo a FEDER (máximo 80% do custo elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación do 10% de cada actuación incluída no proxecto, cun máximo de 20.000 euros, e achegando o importe restante os concellos do proxecto como entidades beneficiarias.

Posteriormente e ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, o a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda debido á petición realizada desde o Concello de Vilanova de Arousa, solicitando a modificación do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa”, debido a que neste exercicio non pode asumir a totalidade da achega comprometida. O 30/09/2022 asínase a “addenda número 1 ao convenio de colaboración mediante a que se modifica o financiamento da achega municipal co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes. Provocando a imposibilidade de cumprir co prazo para a acreditación de inicio dos trámites de



*contratación”. A ampliación do prazo máximo de seis meses (6) incrementa en tres (3) meses o prazo inicial para acreditar o inicio da tramitación do procedemento de contratación das actuacións obxecto de axuda.*

*Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 03/11/2022 (registro de entrada número na Deputación: 2022025162) recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 22/04/2022, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-005816, estendéndose dito prazo ata o 22/01/2023. A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condición económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.*

*Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” é necesario realizar a aceptación por parte da Deputación de Pontevedra das condicións da resolución favorable do Director Xeral do IDAE con registro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022025162 e data 03/11/2022 na que acepta a ampliación de prazo solicitado para a aceptación da modificación do prazo para acreditar o inicio da tramitación do procedemento de contratación das actuacións obxecto de axuda, estendéndose dito prazo ata o 22/01/2023 e, por tanto, modifica a Resolución de data 22/04/2022, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros.*

*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO PARA ACREDITAR O INICIO DA TRAMITACIÓN DO PROCEDIMIENTO DE CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MEIS, MEAÑO E VILANOVA DE AROUSA” (expediente: 2020043392), de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.*

#### IV. RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.  
A xefa do servizo de Cooperación  
(documento asinado electronicamente á marxe)  
Marina Piñeiro Novo”*



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 09/11/2022, e da Intervención Provincial de data 09/11/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a modificación do prazo para acreditar o inicio da tramitación do procedemento de contratación das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “*Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa*” aprobado mediante resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022025162 e data 03/11/2022, estendéndose dito prazo ata o 22/01/2023.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia

22.32292.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I: CONCELLOS DE BARRO, A CAÑIZA, O GROVE, MARÍN, MEIS, NIGRÁN, PONTEAREAS E PONTECESURES”.  
(Expte.2020032981)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe: Á vista da Resolución favorable de concesión da axuda polo IDAE con destino ao proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”, e co obxecto de solicitar a modificación da axuda concedida mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE, con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2021029420 e data 02/12/2021 a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. *Antecedentes*

*Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.*

*Que mediante Resolución presidencial número 2020003165 e data de 20/10/2020, corrixida pola Resolución presidencial número 2021001738 e data 31/03/2021 a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I:*





concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” no marco da Medida 7. Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de potabilización, depuración de augas residuais e desalación definida no anexo I do Real decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións aos proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha Economía Baixa en Carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020 (modificado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril).

En data 29/10/2020 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”, asignándosele o rexistro núm. 202000013224. Tras a súa avaliación, en data 02/12/2021 (rexistro de entrada número: 2021029420) recíbese resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo a FEDER por importe de 692.303,08 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004631.

O obxecto do proxecto consiste a mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas dos Concellos.

Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvense, entre outras, as seguintes cuestións:

Importe da axuda concedida

Conceder a Deputación de Pontevedra, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 692.303,08€

Custo elixible admitido para o proxecto

O Custo elixible admitido é o seguinte:

Proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631				
“Sistemas sostibles de xestión de augas I:				
Concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”				
Concello	Custo total elixible	Subvención IDAE (80% FEDER)	Achega Deputación de Pontevedra	Achega concellos
A Cañiza	130.417,15 €	104.333,71 €	10.000,00 €	16.083,44 €
O Grove	98.133,21 €	78.506,53 €	9.813,32 €	9.813,36 €
Pontecesures	99.627,41 €	79.701,91 €	9.962,74 €	9.962,76 €
Meis	99.801,41 €	79.841,12 €	9.980,14 €	9.980,15 €
Nigrán	154.063,93 €	123.251,11 €	10.000,00 €	20.812,82 €
Pontearreas	99.688,69 €	79.750,93 €	9.968,87 €	9.968,89 €
Barro	84.801,50 €	67.841,20 €	8.480,15 €	8.480,15 €
Marín	98.845,74 €	79.076,57 €	9.884,57 €	9.884,60 €
<b>Total</b>	<b>865.379,04 €</b>	<b>692.303,08 €</b>	<b>78.089,79 €</b>	<b>94.986,17 €</b>



### Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

### Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato. O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirregional de España 2014-2020 ( POPE) para o ano 2023.

Neste sentido e conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRFL, a Intervención da Deputación de Pontevedra o 16/12/2021 emitiu informe favorable previo á aceptación da axuda concedida, indicando que “corresponde á Xunta de Goberno, en aplicación da base número 16 das aprobadas para a execución do vixente orzamento.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2021, adopton, entre outros, o acordo número 5.31102 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”, expediente 2020032981.

Á solicitude da Deputación de Pontevedra, e co obxecto de modificar o prazo de acreditación de inicio das contratacións necesarias, mediante Resolución favorable á solicitude de modificación da Resolución de data 01/12/2022 do Director Xeral do IDAE, con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2022015412 e data 09/06/2022, ampliase en tres (3) meses dito prazo máximo inicialmente establecido en (6) seis meses a contar dende a notificación da resolución de concesión da axuda.

Posteriormente e mediante resolución presidencial, con número 2022006167 e de data 29/08/2022 a Deputación Provincial aproba o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE FEDER-EELL-2020-004631, que conta co cofinanciamento do 80% do FEDER A través da convocatoria de axudas do IDAE. Expediente 2022004081.



*O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación (Plataforma de Contratación do Sector Público na data 29/08/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.*

*O 30/08/2022 presentouse a través da plataforma web do IDAE a documentación acreditativa do inicio de tramitación dos contratos necesarios para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”.*

*No tocante o procedemento de contratación sufriu diferentes vicisitudes que foron alongando a resolución do procedemento.*

*Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de contratación na súa sesión de data 15/09/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes á documentación administrativa e documentación correspondente á proposta avaliable mediante criterios que precisen un xuízo de valor. Posteriormente, a Mesa de contratación na súa sesión de data 07/10/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres B correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos.*

*Rematado o prazo de presentación de ofertas para levar a cabo a citada contratación, e unha vez realizado o exame das ofertas presentadas polas empresas, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa Consultora de Ingeniería, Medio ambiente y Arquitectura SL presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado, polo que se lle require xustificación.*

*Solicítase aclaración a empresa e achegada a documentación requirida, o servizo de Cooperación, mediante informe de data 19 de outubro do 2022, considera que a xustificación presentada pola empresa non xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de contratación que non fose admitida. Dilatándose no tempo os trámites de adxudicación.*

*Finalmente, mediante resolución presidencial, con número 2022007864 e de data 08/11/2022 a Deputación Provincial, adxudica mediante procedemento aberto simplificado do contrato para a prestación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 ao amparo do RD 316/2019 de 26 de abril do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 á empresa Inberso Tecnologías SL, CIF B-27.861.335). Expediente 2022004081. Así como acorda a exclusión da empresa Consultora de ingeniería, medio ambiente y arquitectura SL, CIF B-15.952.369, (CIMARQ) ao considerar que non explica satisfactoriamente o prezo ofertado o que podería por en risco a execución do contrato a satisfacción da Administración.*

*A empresa adxudicataria, Inberso Tecnologías SL, ten un prazo máximo de (1) un mes para a redacción dos proxectos correspondentes ás actuacións mencionadas.*



Unha vez entregados os proxectos por parte da empresa adxudicataria, a Deputación estará en disposición de iniciar o procedemento de contratación para a execución dos traballos necesarios para a execución das actividades recollidas no proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631. Adxudicado este segundo procedemento de contratación, a Deputación poderá acreditar a formalización das contratacións ante o IDAE.

Ante esta circunstancia imprevista, co fin de garantir o deber do beneficiario de acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo máximo de (1) un ano, regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, en (6) seis meses adicionais; sendo deste xeito o 02/06/2023 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da formalización dos contratos relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-004631.

## II. Fundamentación xurídica

### Normativa examinada

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017)
- Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

### Consideracións xurídicas

#### Competencia:

- O artigo 13.8. b do Real Decreto 616/2017 que establece que nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario debe acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.



- De conformidade co previsto o artigo 14 do Real Decreto 616/2017, as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS. A modificación da resolución haberá de ser solicitada polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a realización da actuación subvencionable e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao Director Xeral do IDAE, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada. No caso de estimarse a modificación solicitada, a resolución conterá o contido mínimo establecido no artigo 13.5, resultando aplicables, igualmente, as previsións contidas respecto á aceptación do beneficiario no apartado 7 do mesmo precepto.
- De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.
- Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLGS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o fortalecemento domiciliario de auga potable e saneamento.
- Artigo 109.1.a) da LALGA, establece como competencia propia das deputacións coordinar os servizos municipais entre si para garantir a prestación integral e adecuada de servizos públicos en todo o territorio da provincia, cooperando, especialmente, cos municipios de poboación inferior a 20.000 habitantes para garantir a súa efectividade.

*Petición e evacuación de informes:*

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

#### *Resolución do expediente*

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 14 do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS.*

#### *III.- Conclusións:*

*O proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación co fin de mellorar a eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas.*

*Mediante resolución presidencial, con número 2022006167 e de data 29/08/2022 a Deputación Provincial aproba o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE FEDER-EELL-2020-004631, que conta co cofinanciamento do 80% do FEDER. A través da convocatoria de axudas do IDAE. Expediente 2022004081.*

*Rematado o prazo de presentación de ofertas para levar a cabo a citada contratación, e unha vez realizado o exame das ofertas presentadas polas empresas, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa Consultora de Ingeniería, Medio ambiente y Arquitectura SL presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado, polo que se lle require xustificación.*



*Achegada a documentación requirida, o servizo de Cooperación, mediante informe de data 19 de outubro do 2022, considera que a xustificación presentada pola empresa non xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de contratación que non fose admitida. Dilatándose no tempo os trámites de adxudicación.*

*Finalmente, mediante Resolución presidencial, con número 2022007864 e de data 09/11/2022, a Deputación Provincial, adxudica o contrato para a prestación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 á empresa Inberso Tecnoloxías SL, CIF B-27.861.335); así como acorda a exclusión da empresa Consultora de ingeniería, medio ambiente y arquitectura SL, CIF B-15.952.369, (CIMARQ) ao considerar que non explica satisfactoriamente o prezo ofertado o que podería por en risco a execución do contrato a satisfacción da Administración.*

*A empresa adxudicataria, Inberso Tecnoloxías SL, ten un prazo máximo de (1) un mes para a redacción dos proxectos correspondentes ás actuacións mencionadas. Unha vez entregados os proxectos por parte da empresa adxudicataria, a Deputación estará en disposición de iniciar o procedemento de contratación para a execución dos traballos necesarios para a execución das actividades recollidas no proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631. Adxudicado este segundo procedemento de contratación, a Deputación poderá acreditar a formalización das contratacións ante o IDAE.*

*Tal como se relata nos antecedentes, a pesar de iniciarse o citado procedemento de contratación dentro do prazo, a súa formalización acumulou incidencias debido á necesidade de xustificar por parte dunha empresa un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente, iniciar os traballos necesarios para a redacción dos proxectos e a dirección de traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 que a súa vez son necesarios para licitar a execución dos citados traballos.*

*Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución do citado proxecto é necesario a ampliación do prazo máximo de (1) un ano desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda, na que o beneficiario debe acreditar a formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda regulado no artigo 13.8.b del Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, en (6) seis meses adicionais; sendo de este modo a data máxima para acreditar a formalización o 02/06/2023.*

*Esta ampliación de (6) meses solo afecta ao trámite de xustificación da formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións do citado expediente, manténdose invariable o prazo máximo para a conclusión das actuacións que será o 31/07/2023.*

*En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización de ambos prazos máximos, tanto do prazo para acreditar a formalización dos contratos como do prazo máximo establecido para a execución das actuacións recollidas no proxecto.*



*Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para acreditar a formalización dos contratos para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostíbeis de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures” non constitúe un prexuízo a terceiros.*

*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTÍBEIS DE XESTIÓN DE AUGAS I: CONCELLOS DE BARRO, A CAÑIZA, O GROVE, MARÍN, MEIS, NIGRÁN, PONTEAREAS E PONTECESURES”.*

#### *IV. Réxime competencial*

*En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.*

*A xefa do servizo de Cooperación*

*Marina Piñeiro Novo”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 09/11/2022, e da Intervención Provincial de data 09/11/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a modificación do prazo máximo de (1) un ano desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda, na que o beneficiario debe acreditar a formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda ao proxecto denominado IDAE FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostíbeis de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis Nigrán, Ponteareas e Pontecesures”, cuxo vencemento é 02/12/2022, en (6) seis meses adicionais; sendo de este modo a data máxima para acreditar a formalización o 02/06/2023.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia.





23.32293.- INCORPORACIÓN DA ADDENDA TÉCNICA Ó PROXECTO EN RELACIÓN CO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 08/04/2022 (Nº 9.31575), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SINALIZACIÓN DIRECCIONAL NO RURAL - PLAN CONCELLOS 2022-2023”, (Expte.2022010716)

Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021.

En data 08/04/2022, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 9.31575 concedeuse ao *Concello de A Estrada*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención polo importe de 814.084,07 €, distribuída en dúas anualidades, para a actuación “*Sinalización direccional no rural – Plan Concellos 2022-2023*”, segundo se reflicte na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	246.825,36	246.825,36	-----
2023	567.258,71	567.258,71	
Total	814.084,07	814.084,07	

A concesión da subvención se fixo condicionada a obtención das autorizacións sectoriais do Ministerio de Fomento, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e máis do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra.

Mediante rexistro WEB2022051988 de data 03/10/2022, o *Concello* manifesta que ningún dos condicionantes establecidos nas autorizacións sectoriais relacionadas conleva a necesidade de modificación do proxecto, sen embargo, recóllense os mesmos na presente addenda asinada polo redactor do proxecto en data 30/09/2022 e aprobada por Decreto de Alcaldía número 2022-1471 de data 03/10/2022, co obxecto de garantir o seu cumprimento sendo así unha condición do contrato.

A nova documentación da actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo técnico de Cooperación cos Municipios de data 25/10/2022.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública. A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico de Cooperación, de data 25/10/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 03/11/2022 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial, de data 04/11/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 9.31575 de data 08/04/2022, polo que se concedía unha subvención ao *Concello de A Estrada*, no marco do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1, con destino a financiar o investimento “*Sinalización direccional no rural - Plan Concellos 2022-2023*” (expediente: 2022010716), por incorporación de addenda técnica ao proxecto reitor.
- O novo documento técnico non altera o orzamento nin a finalidade pretendida, se presenta antes de que remate o prazo de execución e xustificación das obras acollidas no Plan Concellos 2022-2023, co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros e o cadro do financiamento segue tal e como se reflicte de seguido:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	246.825,36	246.825,36	-----
2023	567.258,71	567.258,71	
Total	814.084,07	814.084,07	



- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 9.31575 de data 08/04/2022, permanece invariable coa excepción dos condicionantes das preceptivas autorizacións sectoriais que se constatan coa súa incorporación no novo documento técnico en forma de addenda ao primeiro.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Estrada*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

24.32294.- ESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 30/09/2022, NO QUE ACORDOU A “CONCESIÓN DAS AXUDAS A DEPORTISTAS RECOÑECIDOS DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (DEPO DAN) E DEPORTISTA PROMESA (DEPO PROMESA) DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2022”. E CONSEQUINTE MODIFICACIÓN DO MESMO (Expte. 2022042604)

Primeiro. Presentado recurso de reposición interposto, pola persoa interesada D. Pablo Graña Alonso, contra o acordo da Xunta de Goberno do 30 de setembro de 2022, que resolve o procedemento de concesión de axudas a deportistas de alto nivel DEPO\_DAN e deportista promesa DEPO\_PROMESA da provincia de Pontevedra no ano 2022.

Segundo. Detectado de oficio dun erro de feito, *ex* art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no acordo de concesión de axudas a deportistas de alto nivel DEPO\_DAN e deportista promesa DEPO\_PROMESA da provincia de Pontevedra no ano 2022.

Terceiro. Considerando os informes xurídicos favorables da xefatura do servizo de Deportes, ambos do 07 de novembro de 2022, no que se conclúe:

- Que vistos os antecedentes e os fundamentos xurídicos expostos, este servizo propón a estimación do recurso de reposición presentado D. Antonio Barreiro Malvido, actuando en representación da persoa interesada D. Pablo Graña Alonso, fronte o acordo da Xunta de Goberno do 30 de setembro de 2022 que resolvía o procedemento de concesión das axudas a deportistas recoñecidos coa categoría de deportista de alto nivel (DEPO\_DAN) e deportista promesa (DEPO\_PROMESA) da provincia de Pontevedra no ano 2022.

Tendo en conta a proposta da Comisión de valoración, do 26 de setembro de 2022, en relación co importe das axudas acordadas para as persoas deportistas de alto nivel DEPO\_DAN, proponse, ademais, a modificación do acordo Xunta de Goberno do 30 de setembro de 2022 co obxectivo de rectificar a axuda concedida ao deportista DEPO\_DAN D. Pablo Graña Alonso, concedéndolle unha axuda A1, segundo o previsto na base 4ª Tipos de axudas da norma reguladora da subvención.



Que o crédito necesario para a modificación do acordo ascende a un total de 750,00 € e existe crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 22/340.3400.481.01 para cubrir a axuda proposta.

Nome Completo	Obxecto subvención	Federación	Importe compensado con IRPF	15 % IRPF	Importe compensado sen IRPF
PABLO GRAÑA ALONSO	DEPO_DAN	Federación Galega de Piragüismo	750,00 €	112,50 €	637,50 €

- Que vistos os antecedentes e os fundamentos xurídicos expostos, este servizo propón tramitar a correspondente modificación do acordo Xunta de Goberno do 30 de setembro de 2022 co obxectivo de rectificar o erro de feito exposto, recoñecendo á persoa interesada D. Pablo Cabana del Amo con NIF \*\*\*1396\*\* como deportista DEPO\_DAN, concedéndolle unha axuda A3, segundo o previsto na base 4ª Tipos de axudas da norma reguladora da subvención. Que o crédito necesario para a modificación do acordo ascende a un total de 741,38 € e existe crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 22/340.3400.481.01 para cubrir a axuda proposta.

Nome Completo	Obxecto subvención	Federación	Importe compensado con IRPF	15 % IRPF	Importe compensado sen IRPF
PABLO CABANA DEL AMO	DEPO_DAN	Federación Galega de Natación	741,38 €	111,21 €	630,17 €

Cuarto. Emitidas dilixencias favorables da Intervención Xeral do 10 de novembro de 2022.

Quinto. Que segundo o previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, determina que *“As Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”*

Que a posibilidade legal de rectificación cínquese aos supostos, como o presente, en que o propio acto administrativo revela unha equivocación evidente por si mesma e manifesta no contido do acto, susceptible de rectificación, sen afectar á pervivencia do mesmo.

Sexto. De conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o órgano competente para a resolución do presente recurso será o mesmo que ditou o acto obxecto do mesmo, é dicir, a Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, vistos os informes preceptivos favorables, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar a presente modificación do Acordo da Xunta de Goberno de sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2022, na que se acordou por unanimidade aprobar a “concesión a 271 solicitudes (sendo 185 solicitudes DEPO\_DAN, 77 solicitudes DEPO\_PROMESA e 9 solicitudes DEPO\_DAN+) e que figuran na relación que se achega co seguinte CSV: GWGUETFCE3CAZQUV.

Excluíndo deste programa un total de 51 solicitudes (43 solicitudes DEPO\_DAN e 8 solicitudes DEPO\_PROMESA) e que se indica co seguinte CSV: 81SZA9C6S91MTFR7”.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Primeiro. Estimar o recurso de reposición presentado D. Antonio Barreiro Malvido, actuando en representación da persoa interesada D. Pablo Graña Alonso, fronte o acordo da Xunta de Goberno do 30 de setembro de 2022 que resolvía o procedemento de concesión das axudas a deportistas recoñecidos coa categoría de deportista de alto nivel (DEPO\_DAN) e deportista promesa (DEPO\_PROMESA) da provincia de Pontevedra no ano 2022 e aprobar a modificación do acordo Xunta de Goberno do 30 de setembro de 2022 modificando a axuda concedida ao deportista DEPO\_DAN D. Pablo Graña Alonso, concedéndolle unha axuda A1, segundo o previsto na base 4ª Tipos de axudas da norma reguladora da subvención.

Que o crédito necesario para a modificación do acordo ascende a un total de 750,00 € e existe crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 22/340.3400.481.01 para cubrir a axuda proposta.

Nome Completo	Obxecto subvención	Federación	Importe compensado con IRPF	15 % IRPF	Importe compensado sen IRPF
PABLO GRAÑA ALONSO	DEPO_DAN	Federación Galega de Piragüismo	750,00 €	112,50 €	637,50 €

- Segundo. Aprobar a modificación do acordo Xunta de Goberno do 30 de setembro de 2022 recoñecendo á Pablo Cabana del Amo con NIF \*\*\*1396\*\* como deportista DEPO\_DAN, concedéndolle unha axuda A3, segundo o previsto na base 4ª Tipos de axudas da norma reguladora da subvención.



Que o crédito necesario para a modificación do acordo ascende a un total de 741,38 € e existe crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 22/340.3400.481.01 para cubrir a axuda proposta.

Nome Completo	Obxecto subvención	Federación	Importe compensado con IRPF	15 % IRPF	Importe compensado sen IRPF
PABLO CABANA DEL AMO	DEPO_DAN	Federación Galega de Natación	741,38 €	111,21 €	630,17 €

25.32295.- APROBACIÓN DOS PROXECTOS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS PARA O USO TÉRMICO DE BIOMASA NOS CONCELLOS DE CANGAS, A CAÑIZA, PORTAS, REDONDELA, TOMIÑO E VILABOA CORRESPONDENTES CO EXPEDIENTE FEDER-EELL-2020-004535 “INSTALACIÓNS DE BIOMASA SOSTIBLES I” DO IDAE FINANCIADOS NUN 80% POLO FEDER A TRAVÉS P.O.C.S. 2014-2020. (Expte. 2022058096)

Con data 21/10/2022 a Deputada Delegada de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Arquitectura e Proxectos Europeos Iria Lamas Salgueiro ditou providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación da Renovación das instalacións para o uso térmico de biomasa nos *concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa* correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004535 “Instalacións de biomasa sostibles I” financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020, que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Denominación	Denominación do proxecto do IDAE	Orzamento (sen IVE)	Orzamento total (IVE incluído)
1	Instalacións de biomasa sostibles I-Cangas	FEDER-EELL-2020-004535	87.063,31 €	105.346,60 €
2	Instalacións de biomasa sostibles.- A Cañiza	FEDER-EELL-2020-004535	48.135,50 €	58.243,96 €
3	Instalacións de biomasa sostibles.- Portas	FEDER-EELL-2020-004535	91.847,29 €	111.135,22 €
4	Instalacións de biomasa sostibles.- Redondela	FEDER-EELL-2020-004535	87.017,25 €	105.290,88 €



5	Instalacións de biomasa sostibles.- Tomiño	FEDER-EELL-2020-004535	30.873,60 €	37.357,06 €
6	Instalacións de biomasa sostibles.- Vilaboa	FEDER-EELL-2020-004535	30.720,92 €	37.172,31 €
			375.657,87 €	454.546,03 €

Xustifícase a necesidade do contrato no marco competencial da Deputación que, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Neste marco competencial, a Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia, presentou, ao amparo das convocatorias de Economía Baixa en Carbono para entidades locais do IDAE (Ministerio para a Transición Ecolóxica) os proxectos detallados anteriormente. Neste proxecto perséguese a mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas dos concellos mencionados co fin de reducir a demanda enerxética e, polo tanto, o seu consumo enerxético e emisións de dióxido de carbono, mediante a substitución dos sistemas de produción de enerxía térmica por sistemas basados no emprego da biomasa, de acordo co Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o RD 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

Para poder realizar os mencionados traballos de renovación das instalacións térmicas é preciso realizar a contratación cunha ou varias empresas externas que contén coa capacidade e os medios suficientes. Xustifícase, desta forma, a incoación dun expediente de contratación mediante o presente informe cuxo resultado último serán instalacións térmicas máis eficientes e que cumpran cos regulamentos e normativa de aplicación.

Ratifícase a necesidade desta contratación por carecer a Deputación de Pontevedra dos medios e persoal suficiente coas habilitacións esixidas; o alto volume de traballo existente e pola áxil execución que se require para cumprir cos prazos marcados polo IDAE. A realización dos traballos e o despacho dos mesmos nun tempo adecuado require de varios equipos con persoal formado e experiencia no ámbito de instalacións de iluminación con tecnoloxía LED.

Tendo en conta a definición do obxecto do contrato así como os códigos CPV indicados para a definición do mesmo (421600000 Instalacións de caldeiras e 453000000-Traballos de instalación en edificios) e visto así mesmo o informe emitido pola Xefa do Servizo de Cooperación de data 29/09/2022 o contrato cualifícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de





subministración. Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo esta a de subministración.

De conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

A vista do exposto, polos técnicos da empresa Teswater Global SLU, adxudicataria do contrato de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección das obras de renovación das instalacións de biomasa sostibles para o uso térmico de biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa recollida nas actuacións do proxecto IDAE num FEDER-EELL-2020-004535, redactáronse os correspondentes proxectos de obra para cada unha das actuacións previstas emitíndose polos técnicos do Servizo de Cooperación os correspondentes informes de supervisión dos mesmos.

Pola Intervención emitíronse, con data 14/11/2022, os correspondentes informes de fiscalización dos correspondentes proxectos polos que se informan favorablemente os proxectos, informando así mesmo da existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar os proxectos, correspondentes a “*Renovación das instalacións para o uso térmico de biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004535 “Instalacións de biomasa sostibles I” financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020*”, que se detallan a continuación:

Lote	Denominación lote	Proxectos /actuacións	CSV
1	Instalacións de biomasa sostibles I-Cangas	Substitución de caldeira de gasoil por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo na pista de atletismo de Cangas	CAPD3M69BUOVDXFX
		Substitución de caldeira de gasoil por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo no Pavillón Municipal de Cangas	CHA6HAR8DUT2IEZQ



2	Instalacións de biomasa sostibles.-A Cañiza	Substitución de bomba de calor e radiadores eléctricos por estufas de pellets en edificios municipais (centro cultural de Cebreiro, centro cultural de Couto, tanatorio de Couto, consultorio médico Valeixe, biblioteca Valeixe, casa da ermandade Valeixe, tanatorio de Luneda, tanatorio de Valeixe, centro cultural de Luneda, tanatorio de Petán, tanatorio de Deva, antigo colexio de O Feirón, antigo colexio de Petán, casa cultura cafetería e centro cultural Pateiro) da Cañiza.	01JL8R26TQFYVIA1
3	Instalacións de biomasa sostibles.- Portas	Substitución de caldeira de gas por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en albergue de Portas. - -	0DO5Z383YQOE5HFN
		Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en campo de fútbol de Portas.	B0H2V3KWFJU9F54D
		Substitución de acumuladores eléctricos por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo no Pavillón municipal de Portas.	BUW91FZXCJQ1A0JK
4	Instalacións de biomasa sostibles.- Redondela	Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en pavillón municipal de Redondela.	UJTZMT1DAEWO8LXI
		Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en casa de cultura de Redondela..	PAPJJAW0RLQR5ZI5
5	Instalacións de biomasa sostibles.- Tomiño	Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo no edificio de Benestar Social e policía de Tomiño.	P45R6MB1OLMJ0HXC
6	Instalacións de biomasa sostibles.- Vilaboa	Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo na casa do Concello de Vilaboa.	PMU3AN1WVLZ6GYNR

Os citados proxectos foron redactados polos técnicos da empresa Teswater Global SLU ao resultar dita empresa adxudicataria do contrato de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección das obras de renovación das instalacións de biomasa sostibles para o uso térmico de biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa recollida nas actuacións do proxecto IDAE num FEDER-EELL-2020-004535.



26.32296.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

27.32297.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

